



RESOLUCIÓN

ASUNTO: CLASIFICACIÓN OFERTAS COLECTORES CAMPORRAPADO

EXPEDIENTE:2017/G003/000141

ANTECEDENTES:

Con data 31 de agosto de 2017, iniciase a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia da obra denominada Rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado por importe de 98.198,40 euros.

Solicítanse ofertas ás empresas, Martínez Montes e Hijos,SL, Construcciones Boqueixón, SL e Espina y Delfin,SL. Tamén se publica anuncio da licitación no perfil do contratista da páxina web municipal.

No prazo establecido para o efecto recíbense as seguintes comunicacións:

A empresa Espina y Delfin, SL presenta un escrito onde declinan a invitación de participar na licitación das obras, debido ós compromisos adquiridos.

Construcciones Boqueixón, SL e Martínez Montes e Hijos, SL, presentan as súas propostas o día 12 de setembro.

Tamén presenta oferta a empresa José Varela Iglesias, SL que, tendo en conta o contido no informe 33/2009 de 1 de febreiro de 2010 da Xunta Consultiva de Contratación, si por parte dos licitadores non invitados se presentaran, cando o procedemento aínda o permite, ofertas o órgano de contratación debe aceptalas.

Comprobada a documentación dos sobres A o técnico valora a documentación dos sobres B de referencias técnicas.

Polo tanto procédese coa apertura das ofertas económicas e debido a que, segundo se especifican nos pregos, non é factible a divulgación da identidade das persoas licitadoras, senón que é necesario outorgar un código alfanumérico a cada unha das empresas, a continuación transcríbense as puntuacións finais que o órgano de licitación debe ter en conta para a posterior negociación:

| Contratista | Programa a Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe de control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total |
|-------------|---------------------|------------------------------|--------------------------|----------------------------|-----------------------------------|------|--------------------|------------------|-------|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| 75R3 | 7 | 4 | 6 | 10 | 1 | 9 | 0 | 0.13 | 37.13 |
| N4YZ | 7 | 5 | 6 | 10 | 0.45 | 9 | 0 | 40 | 77.45 |
| RE7B | 7 | 4 | 6 | 7 | 0.20 | 9.00 | 0 | 0.40 | 33.60 |



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000141

Urxe contratar o máis axiña esta obra, debido ó curto prazo para a súa execución e xustificación ante a Xunta de Galicia, polo que no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Comunicar esta resolución ó órgano de negociación para que poidan iniciar o proceso correspondente

En Boqueixón, venres 22 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín